



## **BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO DÍA 29 DE DECEMBRO DE 2008**

### **Sres. asistentes:**

#### **SR. ALCALDE – PRESIDENTE.-**

DON JUAN ANTONIO MACEIRAS BARROS (PP)

#### **SRES. CONCELLEIROS PRESENTES.-**

DON JESÚS VEIGA SABÍN (PP)

DON ANTONIO BERNARDO LÓPEZ (PP)

DONA EVA MARÍA VILARIÑO GONZÁLEZ (PP)

DONA MARÍA ROSARIO MANSO LÓPEZ (PP)

DONA TANIA MARÍA RUANOVA SUÁREZ (PP)

DON FRANCISCO REY MALLO (PP)

DON JUAN MANUEL BECEIRO CABEZAL (PSOE)

DON JOSÉ MARÍA LAYA CARRIL (TEGA).

DON ANTONIO CORTIZAS RODRÍGUEZ (ASI - MIÑO)

#### **SRES. CONCELLEIROS AUSENTES.-**

DON MANUEL MONTERO ANIDO (PSOE)

DONA ROSA MARÍA MASEDA GONZÁLEZ (BNG)

DONA EMMA GONZÁLEZ ÁLVAREZ (PSOE)

#### **SRA. SECRETARIA ACCIDENTAL.-**

L. MARINA PÉREZ SOMORROSTRO

#### **SR. INTERVENTOR MUNICIPAL**

FRANCISCO JAVIER ULLOA ARIAS

No Salón de Plenos da Casa do Concello de Miño ás trece horas do día 29 de decembro de 2008, reúnen-se as Sras. Concelleiras e os Sres. Concelleiros que se acaban de citar, co obxecto de realizar a sesión extraordinaria do Pleno municipal segundo a seguinte orde do día:

### **1. - PUNTO ÚNICO.- RESOLUCIÓN DO CONTRATO PARA A CONSTRUCCIÓN DUN COMPLEXO DEPORTIVO EN A GALEA.**

Dáse conta do do ditame da Comisión de Asuntos Xerais de data 23 de decembro de 2008 no que se establece:

#### **PROPOSTA DE ALCALDÍA**

"Visto o expediente tramitado para a resolución por mutuo acordo do contrato de obra e proxecto para a implantación dun complexo deportivo na zona de A GALEA, e visto o informe conxunto da secretaría e intervención municipal así como o informe da intervención municipal de fiscalización da proposta de liquidación dos gastos realizados, en concepto de indemnización, formulada pola empresa adxudicataria.

Esta Alcaldía propón ó Pleno municipal a adopción do seguinte acordo:

1.- Resolver de mutuo acordo o contrato de obra e proxecto para a implantación dun complexo deportivo na zona de A GALEA.

2º.- Aprobar a liquidación dos gastos realizados, en concepto de indemnización, formulada pola empresa adxudicataria, e que ascende á cantidade de 179.159,63 euros.

3º.- Notificar o presente acordo ós interesados no expediente con indicación dos recursos pertinentes."

#### Rolda de intervencións:

Intervén o Sr. alcalde:

No 2007 a piscina íase financiar cos acordos das APOD e urbanizables que tiñamos previsto desenvolver e xa tiñamos asinados, pero no 2007 aparece a Lei do litoral e nós



agardamos a que se resolvera, non foi así, e durante todo este ano non se resolveu, polo tanto non temos financiamento e isto obríganos a rescindir o contrato da piscina en espera de que se resolva a Lei do litoral e poidamos obter o financiamento. Acordamos de mutuo acordo co concesionario un acordo de rescisión do contrato onde se lle aboan os gastos realizados e xustificados e isto podédelo ver no expediente. Fixemos distintas xestións con distintos organismos para contribuír á subvención, fomos á Dirección Xeral de Deportes coa concelleira do Bloque para ver como se podía encaixar, e nas distintas conversas mantidas coa Deputación dicíase nos que o Plan de Deputación para as subvencións de piscina é para municipios de máis de 10.000 habitantes; intervén o SR. Beceiro dicindo que iso na práctica non é certo, ao que o sr. alcalde responde que él estivo falando co presidente da Deputación e que está seguro de que non lle mentiu, outra cousa é que na práctica a piscina subvencionada dea servizo a un conxunto de municipios concertados, polo menos é o criterio que seguen agora, non sei se cando estaba Lendoiro actuaban doutra maneira, nós estivemos agardando a ver se se resolvía a Lei do litoral, non foi así e no 2009, non queda outra solución que rescindir o contrato e esperar unha vez que teñamos a Lei do litoral e se fagan efectivos as distintas APOD e urbanizables que temos asinados, ou poidamos obter esa subvención; polo tanto traballaremos coa Deputación para que nos consiga unha axuda, asinamos acordos con tres municipios: Paderne, Irixoa e Vilarmajor onde se comprometen a facer unha solicitude conxunta e un contrato de mantemento posterior conxunto. Tentamos informarnos das subvencións da Deputación por medio dos nosos representantes e díxosenos que a Deputación para o ano 2009 non ten programa de piscinas, pero que financiaría distintas piscinas no 2009 co remanente de crédito, temos que traballar aí para conseguir esa subvención e o que haia que poñer a maiores solucionarase cando se resolva a Lei do litoral e se resolvan esas apod e urbanizables que temos asinados e, para poñervos un exemplo direivos que con Alveal temos unha APOD asinada por un importe de un milló e medio de euros para que vos fagades unha idea do que este concello deixou de ingresar con motivo do bloqueo da Lei do litoral, creo que en febreiro ou en marzo vence a moratoria, creo que non a poden ampliar, se é así, xa poderíamos contar co financiamento para a piscina.

O Sr. Alcalde solicita ao Interventor se quere completar algo e que explique como se chegou ao acordo coa empresa concesionaria.

O Sr. Interventor di que a resolución realizouse de mutuo acordo, ao valorar as posibilidades de financiamento que había e ao ter bloqueadas algunhas das fontes de financiamento, como dixo o Sr. Alcalde non era prudente empezar as obras, sen ter a fonte de financiamento, o alcalde interrompe, dicindo: Estivemos en espera este ano porque o presidente da Xunta anunciou en febreiro que se ía desbloquear este ano a Lei do litoral, o que nos fixo agardar, non se fixo, e isto colócanos nunha situación complicada pois nos quedamos sen financiamento polo tema de que non se poden resolver as apod e urbanizables que temos asinados, iso non ten nada que ver coas obras da Carreira e do Saneamento que para isto si que hai financiamento .

Continúa o interventor: Estaba financiada unha parte co préstamo, polo que non temos que concertar nova operación de préstamo, a parte que sobra do préstamo utilizarémola, isto permítenos cambiar a finalidade do préstamo co cal non temos que ir a ningunha outra nova operación, co que vai diminuír a débeda este ano e a xeración de intereses vai baixar, o que é positivo, polo demais o expediente é un proxecto viable, interrompe o sr. alcalde: Non se renuncia ao proxecto que si que é viable, entendo que busquemos a fonte de financiamento, se se financia co remanente do crédito da Deputación eu



píddolles a Vdes. que nos boten un man neste, ao que o Sr. Beceiro parece asentir contando coa existencia deses acordos cos outros concellos; continúa o alcalde dicindo que a empresa se portou ben, entendeu que non tiñamos financiamento e a empresa aceptou, nós pagamos os gastos; continúa o interventor: A empresa aceptou facéndonos cargo a nós dos gastos xustificadas que tivo que soportar, segundo me explicou o arquitecto os gastos do proxecto, as captas, os anuncios, o aval, o valado que tivo que facer, etc. Intervén o alcalde dicindo que todo iso está recollido no expediente e que poden velo.

Rematada a rolda de intervencións, sométese a proposta de acordo formulada pola alcaldía ó ditame da Comisión de Asuntos Xerais e obtense o seguinte resultado: 8 votos a favor do PP e do TEGA, e a abstención do PSOE (2 votos).

Queda ditaminada favorablemente a proposta de acordo da alcaldía, relativa á Resolución do contrato para a construción dun complexo deportivo na Galea, por maioría absoluta dos concelleiros presentes.”

Na sesión plenaria de data 29 de decembro de 2008, ábrese a primeira rolda de intervencións:

Polo PSOE o Sr. Beceiro expón: Non tiven tempo a mirar o expediente e quería saber se se sabe a canto ascenden os gastos que ten que pagar o concello.

Responde a Sra. Secretaria dicindo que son uns 179.000 euros .

O Sr. Interventor asinte a contestación da secretaria e o sr. Alcalde píddelle que lea a relación dos gastos contida no expediente.

O Sr. Interventor comeza a ler os conceptos e importes da relación dos gastos soportados pola empresa adjudicataria:

Polo proxecto na oferta, 121.273,60 € interrompe o Alcalde e manifesta:

En esencia colleuse a oferta da que ganou o concurso e pagouselles aquelas cousas que tiña realizadas, exclusivamente; prosegue o sr. Interventor enumerando os gastos: Polos traballos realizados coa maquinaria da empresa: 5.905,41 € o cartel da obra: 950,00 € o valado da obra durante 550 días, colocando 46 valos de 2.5 metros: 17.457,00 € temos tamén a factura de Fenosa por un importe de 120,29 euros, resultando unha base imponible de 145.706,30 € á que se lle aplica o IVE do 16% que ascende á cantidade de 23.313,01; polo que o importe global sería de 169.019,31 € logo aparecen tamén os gastos que tiveron que pagar de taxas por un importe de 151,00 € os anuncios de publicación: 4.050,56 € e tamén os gastos de 5.938,76 € que tiveron que soportar polo aval constituído que son o resultado de aplicar o 5% a cantidade de 117.647,05 € durante 550 días.

O Sr. Alcalde pregúntalle ao Sr. Interventor: ¿ á parte do proxecto canto máis se paga?.

Responde o Sr. Interventor: Uns 10.000 euros, máis ou menos, e o único que está fora do proxecto son os gastos do valado de 17.457,00 € e os gastos financeiros do aval, todo está xustificado con facturas.

Intervén o Sr. Beceiro dicindo: Había unha promoción urbanística de Alveal de un millón e medio de euros, ¿ e cales máis hai?



O Sr. Alcalde respondelle : As APODS que xa hai firmados, son varias

Sr. Beceiro pregunta cales son e de que contias.

O Sr. Alcalde responde: Tiñamos unha previsión de máis tres millóns de euros, e son varios, agora mesmo non o sei pero pódollo dicir, e preguntalle se el se refire as fontes de financiación que tiñamos previstas.

O Sr. Beceiro pregunta se entre eles está o do Toro e o alcalde respóndelle que ese non está pendente. A continuación o Sr. Alcalde abandona a sala e volve entrar e contéstalle que os apods son os números 2, 6 e 20 e os urbanizables os de Bermaño e Monteagudo, esos son os que están pendentes.

O Sr. Alcalde intervén : ¿Hai mais preguntas?

Contesta o Sr. Laya, polo grupo TEGA: Eu voume abster de votar porque non sabía dos gastos que ten que pagar o concello pola rescisión do contrato.

O Sr. Cortizas de ASI-MIÑO: somos coñecedores da situación e estamos de acordo en cumprir coa empresa e pagarlle os gastos ocasionados.

A continuación o Sr. Interventor pide permiso e comenta: En canto á cifra temos que axustarnos á oferta que fan eles .

O Sr. Alcalde manifesta: Os gastos que están na oferta temos que aceptalos e tampouco nos van pedir máis dos que son, e neste caso foi así.

O Sr. interventor manifesta que quere comentar que están a traballar nun proxecto de innovación do préstamo, nese momento intervén o alcalde e dille que ese tema vaise levar a unha comisión e que por outra parte non é o momento de tratalo aquí porque non está na orde do día.

Sometida a proposta de acordo formulada pola alcaldía a votación obtense o seguinte resultado: 8 votos a favor do PP e ASI-MIÑO, e a abstención do PSOE (1 voto) e de TEGA (1 voto).

Queda aprobada a proposta do acordo da alcaldía relativa á resolución do contrato para a construción dun complexo deportivo na Galea, na totalidade do contido dos tres apartados que nela se especifican, por maioría absoluta dos concelleiros presentes.

Non habendo outros asuntos que tratar, o señor alcalde dá por finalizada a sesión sendo as trece horas e vinte e sete minutos, de todo o cal eu, como secretaria, dou fe.

O Alcalde-Presidente

A Secretaria Acctal.

